



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Destinatario:** Representante Xeral do Partido Popular

**Asunto:** Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 12 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral de Sumar Galicia contra a Autoridade Portuaria de Vigo e Partido Popular

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

### ANTECEDENTES

1. O 9 de febreiro de 2024 a representante xeral de Sumar Galicia formaliza unha denuncia (RE 469/2024) contra o partido popular e a autoridade portuaria de Vigo, por enviar dende unha conta de correo corporativo da autoridade portuaria de Vigo as cofradías de pescadores e a outras entidades propaganda do Partido Popular para promocionar un encontro de campaña do candidato e presidente da Xunta de Galicia Alfonso Rueda que se celebra o día 8 de febreiro.
2. O día 9 de febreiro dáse traslado da denuncia da representante xeral de Sumar Galicia á representante do Partido Popular de Galicia (RS 1210 /2024) e á Autoridade portuaria de Vigo para os aos efectos de formular alegacións.
3. O 11 de febreiro de 2024, recíbense as alegacións do Partido Popular (RE 484/2024), nas que se manifesta que a actuación é completamente allea ao Partido Popular. O Partido Popular non é titular da conta de correo desde a que se enviou a información e descoñece completamente se o envío se produciu e, de ser o caso, as razóns polas que se realizou. A dirección de correo electrónico utilizada para o envío non pertence ao Partido Popular e a presunta remitente do mesmo non pertence nin ostenta ningún cargo electo nin directivo desta formación. E se insiste en que dende o Partido Popular tampoco se fixo ningunha petición para enviar ese correo electrónico.

### FUNDAMENTACIÓN



Esta Xunta electoral , tendo presente que o correo dende o que ,segundo se recolle na denuncia, se remitiu a propaganda é o da autoridade portuaria de Vigo, recórdalle que a difusión de actos de campaña dun partido político dende unha conta corporativa, neste caso da Autoridade portuaria de Vigo, é contraria ao principio de neutralidade que deben manter os poderes públicos, incluídos os organismos públicos, en período electoral . Esta xunta electoral no presente caso e aínda que no momento de adoptar este acordo non se presentaron alegacións pola autoridade portuaria denunciada, estima que non resulta correcta a utilización do correo corporativo @apv para realizar envíos de carácter partidista.

De conformidade con canto antecede

### **ACORDA**

Estimar parcialmente a denuncia interposta e requirir da Autoridade Portuaria que se adopten as medidas necesarias para impedir que no sucesivo, durante o período electoral, se faga un uso indebido do correo do organismo público, respectando o principio de neutralidade política.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14:00 horas do próximo día 16 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:  
[xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal](mailto:xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal)

A Coruña, data da sinatura electrónica  
Por orde do presidente  
da Xunta Electoral de Galicia